

ARTIGO 38.- MODIFICACIONES Ó REGULAMENTO.

O Concello poderá en todo momento modificar de oficio o presente Regulamento polos mesmos trámites que para a súa aprobación.

As novas disposicións serán aplicables, sin excepción, a todos os usuarios.

ARTIGO 39.- INTERPRETACIÓN DO REGULAMENTO.

Os incidentes a que poda dar lugar a aplicación do presente regulamento serán interpretados polo Concello.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogados todos os regulamentos de auga aprobados con anterioridade ó presente.

DISPOSICIÓN FINAL

A vixencia do presente Regulamento iniciárase ó día seguinte de publicarse o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e seguirá en vigor en canto non se acorde a súa modificación ou derogación."

En Meira, a 3 de febreiro de 2012.- O Alcalde, D. Ramiro Pérez Freijo

R. 0527

Anuncio

Por Acordo Plenario de data de 15 de decembro de 2011, aprobose provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por apertura de calicatas ou zanxas en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas nas vías públicas, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE CALICATAS OU ZANXAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRRARRÚAS NAS VÍAS PÚBLICAS**Artigo 1º: - FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "Taxa por apertura de sondaxes ou gabias en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas nas vías públicas.

Artigo 2º: - FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da Taxa, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público pola apertura de calicatas ou zanxas en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas nas vías públicas.

Artigo 3º: - SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, a favor de quen se outorgue as licenzas, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 4º: - RESPONSABLES.

1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º: - COTA.

A cota tributaria determinarase pola aplicación das tarifas seguintes:

- Por metro lineal ou fracción de gabia ou sondaxe aberta, sexa cal sexa a clase de pavimento que exista onde se realiza a obra. Prezo diario de 1´18 €.

- Por m² ou fracción de pavimento ou beirarrúa removido na vía pública. Prezo diario de 1´18 €-

Con carácter mínimo e sempre que por aplicación da presente tarifa non se alcance o prezo que se fixa, percibiranse 25 €.

Artigo 6º: - NORMAS DE XESTIÓN.

1.- A liquidación practicada, conforme ós datos facilitados polo solicitante, realizarase unha vez que recaiga resolución sobre a concesión da licencia.

2.- Consideraranse caducadas as licencias se despois de concedidas transcorren trinta días sen comezar as obras. Unha vez iniciadas éstas, deberán seguir sen interrupción.

3.- Cando se trate de obras que deben ser executadas inmediatamente polos graves prexuízos que a demora poidera producir (fugas de gas, fusión de cables, etc.), poderán iniciarse as obras sen obter a autorización municipal coa obrigación de solicitar a licencia dentro das vinte e catro horas seguintes ao comezo das obras e xustificar a razón da súa urxencia.

4.- A reparación do pavimento ou terreo removido será, en todo caso, do exclusivo cargo e conta de quen sexa beneficiaria dos mesmos. En garantía de que polo interesado se proceda á perfecta reparación de aqueles, o concello poderá esixir a constitución da correspondente fianza, dependendo das circunstancias concretas da solicitude.

5.- No caso de que, efectuada a reposición do pavimento polo concesionario da licencia, os Servicios Municipais estimen, previas as comprobacións pertinentes, que as obras non se realizaron de acordo coas esixencias técnicas correspondentes, o Concello poderá proceder á demolición e nova construción das obras defectuosas, vindo obrigado o concesionario da licencia a satisfacer os gastos que se produzan pola demolición, recheo de zanzas e nova reposición do pavimento.

6.- Se transcorrido o prazo autorizado, continuara aberta ésta ou non quede totalmente reparado o pavimento e en condicións de uso normal, liquidaranse novos dereitos, de conformidade coa Tarifa, sen prexuízo das sancións que poidan impoñerse pola Alcaldía.

Artigo 7º: - DEVENGO.

1.- Devéngase a Taxa e nace a obrigación de contribuír no momento da concesión da licencia para realizar calquera clase de obra na vía pública ou dende que se realice a mesma, se se procedeu sen autorización.

2.- O pago da taxa realizarase nas entidades bancarias correspondentes, conforme ás indicacións que figure na liquidación que se realizará polo concello.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa..

En Meira, a 3 de febreiro de 2012.- O Alcalde, D. Ramiro Pérez Freijo

R. 0528

O PÁRAMO

Anuncio

El Pleno del Ayuntamiento de O Páramo, en sesión ordinaria celebrada el día 30 de enero de 2012, acordó la aprobación provisional de la modificación de la Ordenanza fiscal siguiente:

Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por abastecimiento de agua.

Y en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 17.2 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se somete el expediente a información pública por el plazo de treinta días a contar desde el día siguiente de la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que los interesados puedan examinar los expedientes y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.